



## Tertulias Literarias

### PROGRAMACIÓN GRUPO A (Xaneiro – Marzo 2012)



#### Tertulia, de Xavier Alcalá

Unha introdución ao mundo pechado de escritores/as e distribuidores/as de galardóns literarios. Diferentes tipos de letras, páxinas de diario, artigos e cartas alternanse cos capítulos dunha novela de aventuras. Xavier Alcalá continúa a liña do "collage" iniciada na súa obra "Fábula" e os seus relatos curtos de principios dos anos 80.

#### Salir a robar caballos, de Per Petterson

As lembranzas de adolescencia de Tron Sender, un relato iniciático ambientado a finais dos anos corenta do século pasado nun lugar entre Suecia e Noruega. Os feitos relacionados co seu pasado irán saíndo á luz, nun descubrimento do erotismo, da morte e da falsa harmonía familiar.




#### Versiones de Teresa, de Andrés Barba

Manuel, un mozo de trinta anos, namórase nun campamento de verán dunha menor discapacitada. Un relato que trata de dirimir a que responde o proceso de namoramento entre dúas persoas. Andrés Barba é un dos autores novos máis interesantes da novela española actual. XVI Premio de Narrativa Torrente Ballester.

#### Viajes con Herodoto, de Ryszard Kapusciński

Un mozo polaco xornalista é enviado como corresponsal á India. Consigo leva a *Historia* de Herodoto e así establécese un paralelismo entre este novo viaxeiro e o lendario cidadán de Halicarnaso. Un libro sobre a actividade mental que supón viaxar en contraposición ao simple desprazamento dun lugar a outro.



#### Por favor, cuida de mamá, de Kyung-Sook Shin

Unha familia coreana perde a súa nai en Seúl cando ía visitar aos seus fillos. A súa procura inicia unha viaxe sentimental e emotiva polas súas lembranzas. Un libro sobre o redescubrimento do amor á nai que supuxo o maior éxito de vendas en Corea do Sur encumbrando a Kyung-Sook Shin.

#### El palacio de cristal, de Amitav Ghosh

Unha saga familiar que ocupa 110 anos de historia (dende 1885 ata 1996) e se desenvolve en Birmania, India e Malasia. Unha historia pragada de guerras, colonizacións, racismo, amor e morte, violencia extrema e ás veces gratuíta, desexo... Xunto con Salman Rushdie ou Arundhati Roy, Amitav Ghosh é unha das voces sobresaíntes da literatura india en lingua inglesa.



## GRUPO A